

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 26 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00058630B.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 5 de decembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 9 de decembro de 2022.
- Ordinaria de data 12 de decembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 14 de decembro de 2022.
- Ordinaria de data 19 de decembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 20 de decembro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00038348L.

Licenza para a rehabilitación de edificio de planta baixa, primeira e baixocuberta para dúas vivendas e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010 situado na Rúa de Entremuros, 27 Santiago de Compostela.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto Básico de data 13/08/2021, Reformado I de data 11/05/2022, Reformado II de data 13/12/2022 e o Proxecto de Execución de data 13/12/2022, a rehabilitación de edificio de planta baixa, primeira e baixocuberta para dúas vivendas situado na Rúa de Entremuros, 27 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 97.500,00 €.

3. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00042695S.

Aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM. Tambre Norte.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte), formulado de oficio polo Concello de Santiago.

Segundo. Someter o Plan especial a información pública durante o prazo de DOUS MESES, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuren no Catastro.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos, así como os das empresas subministradoras de servizos.

Terceiro. Con carácter previo á aprobación provisional, o equipo redactor deberá emendar as seguintes cuestións, ademais das que, de ser o caso, resulten do trámite de participación pública e dos informes recibidos:

a) O artigo 10 da Normativa urbanística quedará redactado como segue: A aprobación do presente plan especial permite executar as dotacións e infraestruturas previstas de forma autónoma e separada da execución integral do SUND-30.

Así mesmo, a cualificación do solo como sistema xeral de servizos urbanos (SU-3) habilita á administración municipal para aplicar o procedemento de expropiación forzosa por taxación conxunta regulado na lexislación do solo de Galicia.

En consecuencia, as actuacións previstas no plan especial poderanse executar directamente pola administración municipal mediante a aprobación dos correspondentes proxectos de obras ordinarias e de edificación, sen necesidade de delimitar polígonos ou ámbitos de actuación sistemática.

b) Nas ordenanzas reguladoras (artigos 23 e 24) e nas normas de urbanización farase referencia expresa ao cumprimento das Directrices da paisaxe DX.06 e DX.10, segundo o informado polo Instituto de Estudos do Territorio.

c) Concretaranse as actuacións a realizar na rede de servizos existentes segundo os informes das empresas subministradoras

4. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00043870V.

Solicitud de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos da contorna (PE-1R)

Acórdase:

Primeiro. Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo cos seus xardíns e hortas, zonas de acceso e núcleos da contorna (PE-1R), formulado polo Consorcio de Santiago.

A solicitude achegarase do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan asinados polo equipo redactor CRECENTE ASOCIADOS, presentados o 13 de decembro de 2022. Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).

Con carácter previo á aprobación inicial, deberán solicitarse os informes da administración do Estado en materia de estradas e infraestruturas ferroviarias.

Ao se tratar dun plan especial de protección que contén a ordenación detallada do solo urbano consolidado, con carácter previo á aprobación definitiva deberá remitirse a informe preceptivo e vinculante da Consellería (artigos 75.1.e) da LSG e 186.1.e) do seu Regulamento).

5. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2022/00049455J.

Aprobación inicial do Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a execución da primeira fase do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM.

Acórdase:

Aprobar inicialmente o Proxecto de expropiación por taxación conxunta para a execución da primeira fase do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías na parcela SU-3 do PXOM, coa seguinte relación de bens e dereitos afectados:

FINCA Nº	REF.CATAS TRAL	SUPERFICIE AFECTADA	TITULAR CATASTRAL	TITULAR REXISTRAL	Nº CONC ENTRA CIÓN	Nº FINCA REXISTRAL (sección nº 2)	IMPORTE (€)
1	15079A50501191	2.703,11	Cruz del Río, Juana María Ferro Cruz, Henrique	Cruz del Río, Juana María Ferro Cruz, Henrique	1191	53333	15.080,36
2	15079A5051192	1.599,08	García Chenel Hdros. de Dolores.	Blanco García Plácido e Paris Noya, María Estrella; Blanco Paris, Plácido Manuel; Blanco Paris María Belén; Blanco Paris, María Alba.	1192	44778	7.692,15
3	15079A50501193	1.980,84	García Chenel Hdros. de Dolores	García Chenel, Dolores.	1193	18890	11.108,33
4	15079A50501816	2.571,72	Otero Pombo, Miguel	Otero Pombo, Miguel	1194-B	18953	14.393,52
5	15079A50501194	2.275,00	Otero Suárez Hdros. Juana	Couselo Otero, Antonio	1194-A	18951	12.747,79
6	15079A50501197	3.098,09	Botana Otero, Hdros María Manuela; Martínez Botana, Florencio; Martínez Botana, Teresa Tomasa; Martínez Botana, Jesusa; Martínez Botana, Hdros José Manuel; Martínez Botana, Manuel Domingo; Martínez Botana, Mª del Pilar.	Martínez Otero, Edelmiro.	1197	18894	21.124,48
7	15079A50501814	317,92	Botana Otero, Hdros María Manuela	Botana Otero, Manuela e Martínez Otero Edelmiro; Botana Otero, Manuela.	1196-B	9884	1.809,29
8	15079A50501813	5.472,00	Botana López, José; Botana López, María Jesusa.	LÓPEZ OTERO MARÍA CARMEN E BOTANA OTERO FLORENCIO; BOTANA OTERO FLORENCIO	1196-C	9885	1.208,35
9	15079A50501812	2.000,00	BOTANA LÓPEZ JOSÉ; BOTANA LÓPEZMARÍA JESUSA	BOTANA OTERO JOSÉ	1196-D	9886	5.321,40
10	15079A50501811	2.000,00	BOTANA LÓPEZ MARÍA JESUSA	BARREIRO VILARIÑO MANUEL E BOTANA LÓPEZ MARÍA JESUSA	1196-E	9887	5.506,20
11	15079A50501196	2.000,00	BOTANA OTERO HDROS EMILIO	BOTANA OTERO EMILIO	1196-F	9888	5.590,20
12	15079A50501805	2.675,00	CARBALLEIRA POMBO PILAR; CARBALLEIRA POMBO HDROS EMILIO; CARBALLEIRA POMBO ANTONIO	CARBALLEIRA POMBO PILAR; CARBALLEIRA POMBO EMILIO; CARBALLEIRA POMBO ANTONIO	1378-B	9073	7.350,79

13	15079A50501804	2.675,00	OTERO OTERO MARÍA DEL CARMEN	OTERO OTERO MARÍA DEL CARMEN	1378-C	9074	7.501,99
14	15079A50501378	5.331,00	POMBO MÍGUEZ HDROS ANTONIO	POMBO MÍGUEZ ANTONIO	1378-A	9072	14.688,69
15	15079A50501385	2.714,15	MERCADOS CENTRALES DE ABASTECIMIENTO DE SANTIAGO MERCAGALICIA	MERCADOS CENTRALES DE ABASTECIMIENTO DE SANTIAGO MERCAGALICIA	1385	25515	6.640,17

En aplicación do procedemento regulado no artigo 118.2 da Lei do Solo de Galicia e no artigo 293 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia (RLSG) o expediente someterase a información pública durante o prazo dun mes mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia.

Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos titulares de bens e dereitos obxecto de expropiación, dándolle traslado literal da correspondente folia de aprezo e da proposta de fixación dos criterios de valoración, outorgándolle o prazo dun mes para formular as alegacións que estimen convenientes.

Os erros que non fosen alegados e xustificados no trámite de audiencia e información pública non darán lugar á nulidade ou reposicións das actuacións, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións que procedan (artigos 118.9 da LSG e 293.9 do RLSG).

Unha vez rematado o trámite de información pública, con carácter previo á aprobación definitiva, remitirase a intervención para a súa fiscalización.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta levará implícita a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00039540B.

Adxudicación do expediente de contratación Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Pérez Lugín, por un importe de 56.930,78 €, IVE engadido.

Acórdase:

–Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Subministración e instalación de elementos novos para a renovación da área de xogos infantís do parque de Pérez Lugín a HPC IBÉRICA SA que oferta unha proposición económica de **56.930,78 €** (base imponible de 47.050,23 € máis IVE do 21% por importe de 9.880,55 €) e unha ampliación do prazo de garantía a maiores do mínimo establecido nos pregos de 5 anos.

- Comprometer un gasto por importe de 56.930,78 € con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PARQ 3 1).

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00051753B.

Aprobación do expediente de contratación Execución do proxecto “Parque Infantil da Almaciga”, cun orzamento base de licitación por importe de 85.771,82 €.

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado Execución do proxecto “Parque Infantil da Almaciga”, e abrir o procedemento de adxudicación aberto, establecéndose un orzamento máximo de licitación de **85.771,82 €** (base imponible de 70.885,80 € máis IVE do 21% por importe de 14.886,02 €).

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 85.771,82 € euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PARQ 3 1).

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047383S.

Prorroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Acórdase: Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 8 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 8-xaneiro-2009, na súa cláusula segunda establececese que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2021 ata decembro de 2022). A renda definitiva para o ano 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2022. Para o mes de xaneiro de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de 728,43 € mais IVE (881,40 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 10.576,80 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Publicado o IPC de decembro de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e aos servizos económicos (Intervención municipal, Tesourería Municipal e oficina Orzamentaria e Contabilidade).

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00047981B.

Autorización cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, PEYCAR PONTEVEDRA, SL, para responder do contrato de “Subministro de prendas de uniformidade da policía local de Santiago de Compostela 2017: LOTE B: Complementos”. CON/40/2017.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, PEYCAR PONTEVEDRA, SL, por importe de 1.419,12 euros (Avalista: BANCO POPULAR ESPAÑOL SA.) para responder do contrato de “Subministro de prendas de uniformidade da policía local de Santiago de Compostela 2017: LOTE B: Complementos”. CON/40/2017 .

10. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Factura 2022/847 relativa a gastos de gestión e traslado restos cadavéricos á foxa común do Cemiterio de Boisaca no mes de febreiro de 2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” correspondente á xestión e realización de traslado de restos cadavéricos á foxa común do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de febrero de 2022. (Factura 2022/847 por importe de 2.884,57 euros).

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da xestión e realización de traslado de restos cadavéricos á foxa común do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de febrero de 2022, por importe de 2.884,57 euros.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de dous mil oitocentos oitenta e catro euros con cincuenta e sete céntimos (2.884,57) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2279900 do orzamento vixente.

3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

11. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Factura 2022/5748 de conservación e mantemento Cemiterio Municipal de Boisaca.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.” correspondente á realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de novembro de 2022 (Factura 2022/5748 por importe 11.797,50 euros).

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca correspondente ao mes de novembro de 2022, por importe de 11.797,50 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil setecentos noventa e sete con cincuenta céntimos (11.797,50) a favor de “Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.”, imputándose á aplicación orzamentaria 2022/020/16400/2270000. do orzamento vixente.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

12. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/401.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (6) emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período entre xullo e outubro de 2022.

Acórdase:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (1.955,34 €), segundo relación contable de facturas S/2022/401 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/4725 por importe de 138,10 euros emitida pola empresa Schindler, S.A. e remata pola número F/2022/6225 por importe de 579,59 euros emitida pola empresa Otis Mobility, S.A. .
- Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/407.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (6) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre o mes de maio e de novembro de 2022.

Acórdase:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (5.453,24 €), segundo relación contable de facturas S/2022/407 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/4003 por un importe de 3,24 euros emitida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. e remata pola factura número F/2022/6277 por un importe de 194,89 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A..
- Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventor F/2022/5209.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de outubro do ano 2022.

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (60,50 €), segundo documento factura rexistrada co número F/2022/5209 que se achega no expediente, expedida pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CENTROS CÍVICOS. Referencia: F/2022/571.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/571 do provedor PRODUCCIONS TEATRAIS TALÍA, S.L. por omisión da función interventora.

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCCIONS TEATRAIS TALÍA, S.L. segundo se reflicte da factura Concello de Santiago de Compostela F/2022/571, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269901 que figura na acta de conformidade da factura, por un importe total de 2.413,95 euros.

16. CENTROS CÍVICOS. Referencia: F/2022/1378.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/1378 de PRODUCCIONS TEATRAIS TALÍA, S.L. por omisión da función interventora.

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCCIONS TEATRAIS TALÍA, S.L. segundo se reflicte da factura F/2022/1378, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269901 que figura na acta de conformidade da factura, por un importe total de 2.976,60 euros.

17. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/637/2019 - CON/20/2021.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final de execución da obra de reforma do límite leste do parque da Alameda, muro do Pombal fase I (modificado), en Santiago de Compostela.

Acordase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de reforma do límite leste do parque da Alameda, muro do Pombal fase I (modificado), en Santiago de Compostela emitida por OBRAS Y VIALES GALICIA, SL – ALCONTE GALICIA SL UTE, por importe de 29.202,58 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

18. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00056708K.

Pago da factura 22A 68 (con nº de rexistro de contabilidade 2022/4846 e data 06/10/2022) correspondente á certificación 7 e final das obras de “Acondicionamento exterior do xacemento do castelo da Rocha Forte” (cofinanciada polo FEDER), emitida pola empresa ALCOMTE GALICIA, S.L.

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación 7 e final das obras de “Acondicionamento exterior do xacemento do castelo da Rocha Forte” correspondente á factura 22A 68 (con nº de rexistro de contabilidade 2022/4846 e data 06/10/2022, cofinanciada polo FEDER), por importe de **26.486,14 euros** emitida pola empresa ALCOMTE GALICIA, S.L.

19. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00051244P.

Emenda de erro material no acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28/11/2022.

Acórdase:

1. Emendar o erro material existente no apartado 3.1 da proposta, acordada pola Xunta de Goberno Local, o día 28 de novembro de 2022, no seguinte sentido:

Onde di:

“Na súa proposta inicial, con data 12 de novembro de 2022, expón as necesidades de actualización de frota, poñendo a disposición do Concello no prazo de 30 días, a incorporación de 9 vehículos, dos cales 6 son completamente novos, mentres que outros tres fan 1 ano en febreiro de 2023.”

Debe dicir:

“Na súa proposta inicial, con data 12 de novembro de 2022, expón as necesidades de actualización de frota, poñendo a disposición do Concello no prazo de 30 días, a incorporación de 9 vehículos, dos cales 6 son completamente novos, mentres que os outros tres farán 2 anos en febreiro de 2023.”

20. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00057022J.

Aprobación do proxecto de posta en marcha de actuación para a mellora da calidade do aire e implantación de Zona de Baixas Emisións (ZBE) Santiago de Compostela.

Apróbase o proxecto de “Posta en marcha de actuacións para a mellora da calidade do aire e implantación de Zona de Baixas Emisións de Santiago de Compostela, que recolle as medidas e directrices necesarias para dita implantación, no marco do mandato legal contido no artigo 14 da Lei 7/2021, de 20 de maio, de Cambio Climático e Transición Enerxética, que foi redactado seguindo as Directrices para a creación de Zonas de Baixas Emisións publicadas polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Federación Española de Municipios e Provincias; ase como das Recomendacións para proxectos de ZBE no marco das axudas ós Concellos asociadas á inversión 1 do Compoñente 1 do *Plan de Recuperación, “Zonas de Baixas Emisións e Transformación do Transporte Urbano e Metropolitano”*, publicadas polo Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana.

21. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00033748S.

Aprobar a xustificación da subvención nominativa da Asociación Cultural O Galo.

Acórdase:

1.-Aprobar a xustificación subvención nominativa á Agrupación Cultural o Galo visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

2.-Recoñecer a obriga por importe de 5.000 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 050 33400 4890001.

3. Ordenar o pago do importe íntegro da subvención 5.000 €

22. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00041624W.

Aprobar a xustificación da subvención nominativa da Asoc do conservatorio de música tradicional e folque.

Acórdase:

-Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación do Conservatorio de música tradicional e folque visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación.

-Recoñecer a obriga por un importe de 20.000 € que se imputará á aplicación orzamentaria 050 33400 4890004.

-Ordenar o pago do importe íntegro da subvención 20.000 €.

23. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00029321G.

Aprobar a xustificación da subvención nominativa do Ateneo de Santiago.

Acórdase:

1.-Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Ateneo de Santiago por un importe de 20.000 euros visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

2 Recoñecer a obriga de 20.000 € a favor da Asociación Ateneo de Santiago que debe imputarse na aplicación orzamentaria 050/33400/4890002.

24. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00042059T.

Aprobación da xustificación da subvención nominativa da Asociación Cultural Rocha Forte.

Acórdase:

-Aprobar a xustificación da subvención nominativa da Asociación Cultural Rocha Forte visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio.

-Recoñecer a obriga por importe de 5.000 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 050 33400 4890003.

-Ordenar o pago do importe íntegro da subvención 5.000 €

25. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00029884S.

Aprobación da xustificación da subvención nominativa aos Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela.

Acórdase:

-Aprobar a xustificación da subvención nominativa aos Cursos Universitarios e Internacionais de Música en Compostela visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio.

-Recoñecer a obriga por un importe de 5.000 euros.

26. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00023640G.

Aprobación da concesión dos premios de creación literaria SELIC 2022

Acórdase:

1. Conceder os premios de creación literaria SELIC 2022, á vista da acta da reunión celebrada polo xurado o 8 de novembro de 2022 ás seguintes obras:

PREMIO SELIC 2022 á obra: *Faise o escuro* da autora: María do Carme Varela Rodríguez.

Accesit SELIC 2022 á obra: *Aranegra na Casa Encantada* da autora Purificación Cabido Pérez.

2. Recoñecer a obriga económica que se deriva da concesión e que, de acordo coas bases da convocatoria dos premios, son as seguintes cantidades:

María do Carme Varela Rodríguez: 6.000 euros (-15% retención IRPF) =5.100 euros.

Purificación Cabido Pérez: 1.500 euros (-15% retención IRPF) = 1.275 euros.

27. DEPORTES. Referencia: 2022/00042206D.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Karate e Disciplinas Asociadas para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada por FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE E DISCIPLINAS ASOCIADAS do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 5.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890016.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE KARATE E DISCIPLINAS ASOCIADAS por importe de 5.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890016.

28. DEPORTES. Referencia: 2022/00042205P.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Española de Kárate y D.A. para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada por REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KÁRATE Y D.A do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 18.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890023.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da REAL FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE KÁRATE Y D.A por importe de 18.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890023.

29. DEPORTES. Referencia: 2022/00042204F.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Galega de Judo e Deportes Asociados para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 6.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890014.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO por importe de 6.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890014.

30. DEPORTES. Referencia: 2022/00043076M.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Agrupación Deportiva El Correo Gallego para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 12.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890002.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890002.

31. DEPORTES. Referencia: 2022/00043080D.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Ciclista Compostelano para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada polo CLUB CICLISTA COMPOSTELANO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 6.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890008.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB CICLISTA COMPOSTELANO por importe de 6.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890008.

32. DEPORTES. Referencia: 2021/00054253P.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Santiago Futsal para o ano 2021.

Acórdase:

Primeiro: Non aprobar a xustificación presentada por CLUB SANTIAGO FUTSAL do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2021, por valor de 54.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018, por incumprir o establecido na cláusula 6.5 do mesmo.

Segundo: Incoar un expediente de perda do dereito ao cobro respecto da subvención outorgada á entidade Santiago Futsal, por valor de 54.000 euros segundo o establecido no convenio aprobado, ano 2021.

33. DEPORTES. Referencia: 2022/00042207X.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Federación Española de Luchas Olímpicas y D.A. para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada por FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLIMPICAS Y D.A. do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 10.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890021.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLIMPICAS Y D.A. por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890021.

34. DEPORTES. Referencia: 2022/00042208B.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a Asociación de Padres, Profesionales y Amigos de Personas con Discapacidad Intelectual “Special Olympics Galicia” para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada pola ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL “SPECIAL OLYMPICS GALICIA” do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 3.500 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890004.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da ASOCIACIÓN DE PADRES, PROFESIONALES Y AMIGOS DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELECTUAL “SPECIAL OLYMPICS GALICIA” por importe de 3.500 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890004.

35. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2022/00029711A.

Aprobación da xustificación do convenio coa asociación Médicos del Mundo 2022

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio coa asociación Médicos del Mundo, por valor de dez mil euros -10.000€- con cargo á aplicación orzamentaria 020 23103 4800004 para o ano 2022.

Segundo. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa, con cargo á partida 020 23103 4800004 dos orzamentos municipais de 2022.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

36. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00035434E.

Aprobación da conta xustificativa de gastos do Convenio coa Asociación Solidariedade co Pobo Saharui para o desenvolvemento do programa de acollemento de nenos e nenas saharuis “Vacacións en Paz”.

Acórdase:

Aprobar a conta xustificativa de gastos do Convenio coa Asociación Solidariedade co Pobo Saharai para o desenvolvemento do programa de acollemento de nenos e nenas saharais "Vacacións en Paz", por importe de 8.000 euros.

37. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00020230K.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 18 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 18 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Banco de Alimentos de Santiago de Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cinco mil (5.000,00 euros). con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800010 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

38. COMERCIO. Referencia: 2022/00050199K.

Aprobación da xustificación das axudas concedidas ao abeiro da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación das seguintes axudas polos importes e ás entidades que seguen, ao abeiro da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial anualidade 2022:

- **Fundación Santiago Centro**, Área Comercial. Importe subvención: **24.061,85 euros**.
- Asociación **Em-Rede**. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca. Importe subvención: **2.243,27 euros**.
- Asociación de Empresarios e Profesionais CCA **Compostela Monumental**. Importe subvención: **28.658,25 euros**.
- **Asociación Punto Compostela** CCA. Importe subvención: **24.874,93 euros**.
- Asociación de Artesáns e Comerciantes **Ourives de Compostela**. Importe subvención: **11.624,57 euros**.

TOTAL: 91.372,87 euros.

O gasto satisfarase con cargo á aplicación orzamentaria á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor das persoas e polos importes indicados no punto primeiro desta proposta de resolución, con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

39. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00058477L.

Dación de conta da sentenza recaída no procedemento PO 155/2020 CA1.

Dase conta da sentenza nº 409/2022 do 18.11.2022. Procedemento: Procedemento Ordinario 155/2020 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1

Demandante: CONSTRUCCIONES TABOADA RAMOS SL

Obxecto: Resolución do contrato para execución das obras de reparación da rúa Escarabuña e anexos (POS 2015)

Contía:150.425,60 euros

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais xa que estima o recurso admitindo a alegada caducidade do expediente de resolución sen entrar no resto dos motivos alegados de contrario.

A pesar do esforzo argumentativo da defensa do concello, o xulgador estima que só poden excluírse do cómputo do prazo de caducidade- *8 meses para o expediente de resolución de contratos*-os períodos nos que o expediente estivo en poder do Consello Consultivo, pero non aqueles outros nos que o expediente retornou ao concello para emendar ou subsanar defectos u omisións. O xulgador entende que os defectos na tramitación de expediente por parte do concello

que dilataron o proceso non poden prexudicar ao administrado, sobre todo cando se exercita unha potestade exorbitante que é susceptible de comportarlle un prexuízo ou gravamen. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir ao Departamento de Contratación para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo, nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

40. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00057082G.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 225/2022 do CA2.

Dase conta da sentenza nº 264/2022. PA 225/2022 CA2

Demandante: AXA Seguros Generales S.A., H. S. S.

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía: 1.564,53 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible parcialmente en apelación.

Impugnada a desestimación por silencio, da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada, o Xulgado acolle os argumentos expostos polo concello.

Con respecto á aseguradora, estima a excepción procesual de falta de lexitimación por non aportar o certificado para o exercicio de accións.

Polo que respecta ao particular (reclamación pola franquicia do seguro), o Xulgado desestima a demanda ao non acreditarse a relación de causalidade: non hai proba fotográfica da fochanca, non hai testemuñas do accidente, e o “atestado” da Guardia Civil non é tal senón un mero informe estatístico realizado 10 días despois do accidente

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Agardar pola confirmación da súa firmeza. En caso de recurso de AXA, opoñerse ao mesmo.
3. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.

41. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00058439G.

Dación de conta da sentenza recaída no PA 294/2021 CA2.

Dase conta da citada sentenza. PA 294/2021 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por caída na beirarrúa. Contía: 1.834,68 euros.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación. Impugnada a desestimación por silencio, da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada, o Xulgado acolle os argumentos expostos polo concello: desestima a demanda ao non acreditarse a relación de causalidade, xa que a pesares do lugar e momento do accidente, a interesada non foi quen de aportar testemuña dos feitos.

Contra esta sentenza non cabe recurso algún. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.

42. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00057078T.

Dación de conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 296/2021 do CA1.

Dase conta da sentenza nº 432/2022. PA 296/2021 CA1

Demandante: Particular e LOBBY ATLÁNTICO, S.L.

Obxecto: solicitude de baixa no padrón de terrazas e expediente de constrinximento.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Os demandantes viñan explotando o negocio situado na intersección das rúas Santiago de Estero e Rúa Nova de Abaixo, de Santiago, incluída a terraza exterior con licenza municipal, ata o 2017. Non comunicaron no Concello o traspaso do negocio.

Ante a falta de pagamento das taxas, por Decreto do 2020 declárase o fin de prórroga do permiso. Paralelamente, tramítase o expediente de recadación executiva, con embargo bancario.

No 2021, os demandantes solicitan a cancelación da licenza para terraza, e a anulación das taxas dos exercicios 2018 e 2019; ou, no seu defecto, que as taxas sexan xiradas á empresa que explotou o local eses anos. O Concello desestima a petición: a primeira, porque xa fora revogada de oficio a licenza; a segunda, porque ao non comunicar o traspaso, establécese unha responsabilidade solidaria de transmitinte e adquirente polos tributos pendentes de pago.

No recurso contencioso, ademais de repetir a solicitude de baixa, impugnan a recadación executiva por falta de notificación das liquidacións e das providencias de constrinximento.

O Xulgado desestima todas as pretensións. Con respecto á baixa, porque esta xa foi declarada no 2020. E con respecto ás notificacións de liquidacións e providencias, o Xulgado desestima o suplicado como consecuencia do anterior; e tamén porque o expediente remitido polo Concello foi o 2021/0002154W, cando o identificado na demanda é o 2019/00000904K.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Recadación executiva para o seu coñecemento.

43. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00058630B.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas:

- 8 de decembro de 2022.
- 16 ao 22 de decembro de 2022.

URXENCIAS

44. Aceptar cesión de viario e licenza para a construción de vivenda unifamiliar na Rúa Senande, 44.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 31/12/2020, outorgada ante Notario, co número de protocolo dous mil seiscentos deza oito. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

Segundo.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme proxecto básico e de execución de data de visado do 16/12/2020 e a documentación presentada o 14/04/2022 e o 12/07/2022., cun orzamento de execución material de 120.000,00 €, a construción duna vivenda unifamiliar na finca sita en Rúa Senande nº44 Santiago de Compostela (A Coruña).

45. Acordo de XGL de concesión de licenza de obras de ampliación de nave na R/Via Edison, 70.

Acórdase:

PRIMEIRO: ACEPTAR a cesión de terreo de 508 m² destinado a viario segundo escritura de segregación e cesión outorgada o 19/04/2021, ante notario baixo o número de protocolo 383.

SEGUNDO: CONCEDER a GRUPO COMERCIAL GALLEGO, S.A. licenza de OBRAS DE AMPLIACIÓN de nave existente na RÚA VÍA EDISON, 70, finca rexistral 2.794 segundo Proxecto básico e de execución co visado colexial de 16/11/2020 e anexo de 22/12/2020, Proxecto de protección contra incendios co visado colexial de data 20/11/2020 e Proxecto de urbanización anexo co visado colexial de data 06/05/2021 e anexo de data 19/05/2021, baixo a dirección do proxectista. As actuacións consistirán en ampliación de nave de dous plantas destinada a almacenamento e oficinas. Como resultado da ampliación a nave terá unha superficie construída de 5.354,15 m² (4.886,55 m² en planta baixa e 467,60 m² en planta alta).

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza de Parcelas industriais do Plan Parcial do Polígono do Tambre.

46. Aprobación da modificación do prego técnico do expediente denominado “Subministración e implantación dunha dobre barreira de seguridade (corporativa e perimetral) para o Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.” aprobado pola Xunta de Goberno do 28/11/2022.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar as modificación do prego técnico do expediente denominado “Subministración e implantación dunha dobre barreira de seguridade (corporativa e perimetral) para o Concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.” aprobado pola Xunta de Goberno do 28/11/2022.

Segundo.- Publicar o anuncio correspondente a esta modificación no DOUE e no PLACE, incluíndo o Informe de modificación ao prego técnico e outorgando unha ampliación do prazo de presentación de ofertas equivalente ao número de días transcurridos.

47. Prorroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 2 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Recadación Executiva, polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 2 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Recadación Executiva, polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023. Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 21-xaneiro-2011 na súa cláusula segunda establececese que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2021 ata decembro de 2022). A renda definitiva para o ano 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2022.

Para o mes de xaneiro de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de 696,24 € mais IVE (842,45 €).

Segundo.- O gasto por importe de 10.109,40 €, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ARRENDAMENTOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

Publicado o IPC de decembro de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e aos servizos económicos (Intervención municipal, Tesourería Municipal e oficina Orzamentaria e Contabilidade).

48. Prorroga e revisión do IPC do contrato de aluguer do local nº 7 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 7 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Contribuínte), propiedade de HERMANAS CALVIÑO CANEDO CB. polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023. Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado ó efecto con data 17-marzo-2009 por acordo da Xunta de Goberno do 07-12-2020, na súa cláusula segunda establececese que o importe será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos o consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2021 ata decembro de 2022). A renda definitiva para o ano 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2022.

Para o mes de xaneiro de 2023 satisfarase a renda actual por importe mensual de 646,20 € mais IVE (781,90 €).

Segundo.- O gasto por importe de 9.382,80 €, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 93100 2020000 POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL.ARRENDAMENTOS, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio. Publicado o IPC de decembro de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de

xaneiro de 2023, dando conta a Xunta de Goberno e aos servizos económicos (Intervención municipal, Tesourería Municipal e oficina Orzamentaria e Contabilidade)

49. Outorgamento de autorización de uso de hortas urbanas e renovación de autorizacións xa concedidas. Ano 2022.

Acórdase:

Primeiro. Outorgar, de conformidade co disposto na Ordenanza reguladora do uso das hortas municipais e de outorgamento das súas autorización de uso, a autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Brañas do Sar a 54 persoas solicitantes.

Segundo. Aprobar a lista de agarda da autorización para o uso das hortas urbanas municipais do parque de Brañas do Sar.

Terceiro. Aprobar, de conformidade co disposto na Ordenanza reguladora do uso das hortas municipais e de outorgamento das súas autorización de uso, as solicitudes de renovación da concesión do uso das hortas municipais que se detallan:

- Hortas de Belvís de Abaixo: 26 persoas solicitantes.
- Hortas de Campo das Hortas: 54 persoas solicitantes.
- Hortas de Santa Marta: 38 persoas solicitantes.

50. Aprobación do proxecto de Restauración Ambiental do Río Sar Cabeceira, treito Viso-Amio, treito Fervenza Ponte da Rocha para executar pola propia administración a través do programa Iniciativa Urbana Sostible de Patrimonio Natural e Emprego cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea.

Apróbase o proxecto e a execución por administración dos traballos de “Restauración Ambiental do Río Sar Cabeceira, treito Viso-Amio; treito Fervenza- Ponte da Rocha”, nos termos que constan na memoria/proxecto, a través da brigada “Iniciativa Urbana Sostible de Patrimonio Natural e Emprego”.

51. Acordar o pago dos convenios das transferencias correntes de Acción Cultural.

Acórdase o pago do importe dos seguintes convenios:

- PADROADO DA CASA DA TROIA: 5.000 euros.
- FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO: 5.000 euros
- FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER: 10.000 euros
- MUSEO DO POBO GALEGO: 30.000 euros.

52. Tomar coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Veciños do Rural de Santiago (FERUSA)

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Veciños do Rural de Santiago (FERUSA), por unha contía de 6.000 euros.

53. Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Atletismo Santiago para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada por CLUB ATLETISMO SANTIAGO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 10.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890007.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB ATLETISMO SANTIAGO por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890007.

54. Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Obradoiro Club de Amigos Baloncesto S.A.D. para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada polo OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D. do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a

cantidade a abonar de 120.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D. por importe de 120.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001.

55. Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Arteal Tenis de Mesa para o ano 2022.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada por CLUB ARTEAL TENIS DE MESA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 12.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890001.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB ARTEAL TENIS DE MESA por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890001.

56. Dación de sentenza recaída no procedemento AP 4183/2022 dimanante do PO 193/2020 CA1.

Dase conta da Sentenza nº 370/2022. AP 4183/2022 TSX, PO 193/2020 CA1

Demandante: SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SLU

Obxecto: declaración de ineficacia da comunicación previa de cambio de titularidade.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Na vía administrativa, a interesada tiña presentado comunicación previa de cambio de titularidade da licenza concedida no 2011 a ARIDOS CNC para os traballos de recuperación paisaxística na canteira de Miramontes. O Concello declarou a ineficacia porque ademais da modificación subxectiva, existían cambios na actividade desenvolvida, reflectidos na Autorización Ambiental Integrada da Xunta de Galicia, pero non no proxecto depositado no Concello.

A Sala do Contencioso do TSX acolle integramente os fundamentos de oposición municipais, xa reflectidos na sentenza de instancia desestimatoria: *“tiene que existir una plena correspondencia entre los términos de la actividad desarrollada de forma efectiva por la nueva titular y los términos y condiciones autorizados por la licencia concedida en el año 2011, sobre la base del proyecto entonces presentado y autorizado”*.

Contra esta resolución cabía interpoñer recurso de casación. Por dilixencia de ordenación, do 21.12.2022, declárase a súa firmeza. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

57. Dación de conta da sentenza recaída no PA 26/2022 do CA2.

Dase conta da Sentenza nº 265/2022. PA 026/2022 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

A reclamación de responsabilidade patrimonial foi desestimada polo Concello ao entender que os danos eran imputables á Axencia Galega de Infraestruturas, non obstante o lugar (vía municipal) e causa (unha arqueta da concesionaria de augas), porque o accidente produciuse por mor dos danos causados na rede de sumidoiros, con ocasión das obras na intersección da Rúa Concheiros coa Avenida de Lugo.

O Xulgado estima a excepción procesual; e ao non cuestionarse os feitos (danos e causa) pola cuarta codemandada, exime ao Concello, á aseguradora e a Viaqua, e condena ao pago da indemnización e custas á AGI.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.

58. Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PO 539/2020 Social 3

Dase conta da Sentenza nº 420/2022. PO 539/2020 XS 3

Obxecto: diferenzas retributivas C2-C1.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de suplicación. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución

59. Toma de coñecemento e ratificación do acordo do Pleno de aprobación provisional da Modificación puntual do Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal para a regulación de usos.

Tómase coñecemento e ratificar o acordo do Pleno de data 30 de novembro de 2022 de aprobación provisional da Modificación puntual do Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal para a regulación dos usos.